

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 19/04/2018 12:29:40

SAIDA

4371/18

Sra. directora da Axencia de Modernización
Tecnolóxica de Galicia
Centro de Innovación Cultural e Modernización
Tecnolóxica de Galicia
Monte Gaiás s/n
15781 Santiago de Compostela

Expediente:R.11.Q./2370/18

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Sra. directora:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento esta institución de que numerosos aplicativos que a administración autonómica pon a dispor da cidadanía funcionan soamente con *software* que opera baixo licenza. Esta circunstancia, tal e como puido saber este alto comisionado, está a limitar o acceso de usuarios que empregan o *software* libre nos seus equipos informáticos, a procedementos de concorrencia competitiva, de matrícula nas Escolas Oficiais de idiomas e outros trámites que só admiten unha xestión telemática.


Esa axencia puxo en marcha un *Plan de acción software libre 2017*, incorporado á denominada *Axenda Dixital de Galicia 2020* como un dos principios para a xestión eficiente definindo o impulso do *software* libre e de estándares abertos e o fomento da reutilización, como “ferramentas para garantir a operatividade dos sistemas informáticos e achegar a tecnoloxía á sociedade, evitando a dependencia de determinados provedores TIC e os custes recorrentes”.

Para o exercicio 17 estaba previsto avanzar no plan de migración do posto do empregado público á ofimática libre, a publicación e liberación de dúas novas solucións de *software* desenvolvidas pola Xunta de Galicia e a aposta pola reutilización de *software* e contidos, tan necesaria esta última para a plena consolidación da transparencia entre as nosas administracións públicas.

O fomento do uso de *software* libre nos novos servizos da administración incluíase entre os eixos de actuación do plan de acción para o exercicio 2017, como avance para o desenvolvemento da tramitación electrónica integral dos procedementos

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal sobre a cuestión. En concreto solicitamos desa Axencia que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias; sobre os servizos que na actualidade ofrece a administración autonómica que esixen de sistemas licenciados; sobre as previsións de migración dos aplicativos actuais a sistemas libres sen licenza; sobre os criterios para avanzar na tramitación electrónica libre no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020 e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e , saúdoa atentamente.


Milagros Otero Parga
Valedora do Pobo

